FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

PROXECTO COPA GALEGA DE NATACIÓN ALEVÍN

Tempada 2012 - 2013. Circular 12-21.

1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES.

1.1.- Na Copa Galega de Natación Alevín poderán participar os 16 mellores clubes clasificados da Liga Galega Alevín, distribuídos en dous grupos: un grupo cos 8 primeiros clubs clasificados e outro cos 8 clubs que ocupen os postos 9 a 16.

1.2.- A Copa Galega Alevín celebrarase na data establecida no calendario de natación para a presente tempada. Para a designación das sedes, terán preferencia os equipos clasificados en primeiro lugar na clasificación provisoria da Liga Galega Alevín en cada grupo (1º a 8º e 9º a 16º), sempre que a instalación escollida cumpra un mínimo de condicións. En caso de rexeitar ese dereito, pasará a os seguintes clubs por orde de clasificación.

1.3.- As probas realizaranse nunha soa sesión, que dará comezo ás 17:00 h.

2.- PROGRAMA DE PROBAS.

1.- 4X50 libre mas	7.- 200 estilos mas 00
2.- 4X50 libre fem	8.- 100 estilos mas 01
3.- 200 libre mas 00	9.- 200 estilos fem 01
4.- 100 libre mas 01	10.- 100 estilos fem 02
5.- 200 libre fem 01	11.- 4X100 estilos mas
6.- 100 libre fem 02	12.- 4X100 estilos fem

3.- PARTICIPACIÓN.

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

- Masculina: nacidos en 2000 e 2001.
- Feminina: nacidas en 2001 e 2002.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas e que pertenzan aos clubes con dereito a participación.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo nunha proba individual e dúas remudas.

3.4.- Cada clube poderá inscribir 3 nadadores por proba.

3.5.- Cada clube poderá inscribir 2 equipos de remudas.

3.6.- Aceptaranse substitucións de nadadores até 45 minutos antes do inicio da sesión, previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo clube inscrito na proba.

3.7.- O nadador substituído non poderá participar en ningunha proba individual ou de remudas en dita sesión.

3.8.- Os clubes con dereito a participación deberán confirmala no prazo que se indique oportunamente. No caso de que algún non participase, o seu posto podería ser cuberto polo seguinte clasificado na Liga Galega Benxamín.

4.- INSCRICIÓNS.

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos (modelo) correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á FEGAN por correo electrónico a inscricions@fegan.org. Xunto co devandito ficheiro remitirase, no mesmo correo, a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou DOC.

4.2.- As inscricións para o campionato deberán acharse en poder da FEGAN 15 días antes do comezo da competición, cadrando este día a venres, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.3.- Deberán inscribirse tamén os nadadores que participen só en remudas e para substitucións, remitindo o impreso correspondente.

FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

5.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN.

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual e nas remudas.

5.3.- A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

5.4.- A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2

6.- CLASIFICACIÓN.

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais mais as remudas.

b) Total feminina en probas individuais mais as remudas.

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ámbalas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas.

7.- TÍTULOS E PREMIOS.

7.1.- Entregarase un trofeo ao clube clasificado en primeiro lugar na clasificación xeral conxunta como Campión Galego da Copa Galega de Natación Alevín.

7.2.- Entregaranse medallas a todos os compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña,

Secretaría Xeral FEGAN